



M^a Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello da Pobra do Caramiñal, o abeiro do disposto no art. 97/3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción relativa a mellorar as múltiples deficiencias do centro de saúde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde novembro do ano 2007 este grupo municipal socialista ven solicitando que se faga o mantemento adecuado do centro de saúde xa que todos recoñecemos os graves defectos e deficiencias que presenta e que o grupo de goberno deste concello, ten que darlle unha solución urxente a todas esas carencias. Estas denuncias son parte da historia do noso Concello, debido a que desde que se construíu ata agora pouco ou nada fixeron por mantelo nun estado decente.

Ao longo dos últimos anos nos prometeron un Centro de Saúde novo, pero o certo é que na actualidade seguimos contando co mesmo de sempre e no mesmo mal estado de sempre.

O anterior goberno, o do Sr. Maceiras, deixounos a promesa, segundo eles real, de que o Centro de Saúde estaba a piques de construírse. Pero chegou un novo goberno, o actual de Nós Pobra, que di que non existía tal proxecto e rexeitou dita construción apostando por unha nova localización da que, a pesar das promesas dadas nos medios de comunicación, seguimos sen ter noticias en canto á materialización do proxecto.

Con todo isto o Centro de Saúde segue deteriorándose. O goberno de D. Xosé Lois Piñeiro solicitou, e foi aprobada, a través do Plan de Acción Social do ano 2015, da Deputación da Coruña, unha subvención por un valor de 73.016,07 euros, para o arranxo da cuberta do Centro, cun proxecto asinado polo arquitecto técnico D. Andrés Fernández Fuentes. Na actualidade, continuamos sen ter noticias da execución da subvención, se é que aínda se pode executar, sen coñecer a data do inicio das obras, etc. En fin, que non sabemos nada de dito proxecto case dous anos despois.

Algunhas das deficiencias que se enumeran a continuación, unhas a competencia do arranxo corresponde a Consellería de Sanidade e outras ao

Concello pero en calquera caso, o goberno ten a obriga de xestionar a competencia a administración autonómica ou local. Descoñecemos os motivos polo que non foi cedido o mantemento ao Servizo Galego de Saúde pese a que esa cesión foi a Pleno en dúas ocasións hai anos.

É incomprendible que na sociedade do benestar da que presumimos teñamos que falar que a auga quente non chegue, ou despois de gastar inxente cantidade de auga chegue en cantidade deficiente, aos despachos da planta superior.

Non se cambian as luces fluorescentes nin tan sequera dos despachos, están a media luz, tendo en conta que para ver determinadas lesións, suturas,... é necesario unha boa iluminación para facer o traballo con toda a precisión que necesita un traballador da medicina. Para ofrecer un servizo de calidade hai que poñer os medios para que os profesionais desempeñen o seu traballo nas mellores condicións e para que os pacientes vexamos cumpridas tódalas expectativas como usuarios.

Hai goteiras polas Velux do despacho da matrona e polas da sala de urxencias. Houbo desprendementos da cornixa, ca sorte de que nese intre non pasaba ningunha persoa por debaixo, e tamén doutras zonas externas. Os azulexos da zona do lavamáns despréndense, o material mobiliario dos despachos nin é o adecuado e está en estado deplorable para que un paciente caia o chan. A pintura está descorchada nalgúns paredes polo que é imprescindible pintar todo o centro para hixienizalo. A caldeira é anticuada e ten un consumo excesivo, carecendo de indicador para saber cando se acaba o gasóleo e si queda sen combustible normalmente hai que esperar dous días para que veña o fontaneiro a poñela en marcha; dous días de inverno sen calefacción nun centro de saúde, con persoas enfermas é inadmisibile.

A dobre fiestra de aluminio sen rotura de ponte térmico fai que no inverno filtre o frío e no verán acumule o calor. De feito nalgúns despachos o propio persoal sanitario merca do seu peto o ventilador para ofrecer aos pacientes unha consulta moito máis agradable.

Neste inmoible non se traballa con obxectos nin con mercadorías, tratase de persoas e vidas humanas e que os graves defectos denunciados poden ocasionar incluso prexuízos na saúde laboral dos traballadores e un malestar crecente nos mesmos podendo interferir na adecuada prestación dos servizos aos usuarios.


Por todo iso, este grupo que represento solicita a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1º.- Instar de maneira URXENTE ao Servicio Galego de Saúde para que adopte as medidas oportunas que sexan da súa competencia e descritas na exposición de motivos, co fin de que os usuarios da sanidade pública non vexan minguados os seus dereitos asistenciais.

2º.- Si no prazo de tres meses non se asumen as melloras por parte do SERGAS, visto que é posible a financiación deste investimento con unha operación de endebedamento a longo prazo de acordo co apartado b) do artigo 50 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, se proceda a elaboración dun proxecto e a execución urxente das referidas obras.

A Pobra do Caramiñal, 12 de setembro de 2017.

A handwritten signature in blue ink, consisting of a large, stylized loop and a horizontal stroke extending to the right.

M^a Teresa García Guillán

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL